

Hil zara / Morriches

Dime se morriches
Dime se escampou
Onde enterraches a chave
Onde xaces

Xa non me eclipsa a túa sombra
Nin me palidece o teu brillo
Xa non me arrefría o teu soprido
Nin me tempera o teu alento
Para min faleciches
Non es nada

Non me entenrece o teu adormecer
Nin me enxordece o teu lamento
Non me repugna o teu fedor
Nin me adoza o teu fume
Evaporácheste cara ao chan
Es po

Gandutu da/ Empanouse

Mollouse a fiestra,
empanouse a verdade
Crebou a calor,
saciouse o medo

O medio está árido
O medio non é opción
Ris a medias
Con medio xesto

Baleirouse o camiño,
perdeuse o carreiro
Arrefriouse a rúa,
enmudeceu o aire

Afixécheste a ti
Ninguén agarda que te movas
As miradas que te rodean
Miradas infinitas

Indar amiñi bat/ Unha miga de forza

Se reunísemos unha miga de forza
Para acariñar a sombra
que hai baixo as nosas solas

Duintasunaren zama/ O peso da dignidade

O pouco que quedaba da túa dignidade
está debaixo do felpudo
Non foi parar alí pola súa conta,
empurráchela ti

Ai, o peso da dignidade
Ese peso cuberto de po
E que che perturba

Sen poder comprar abrís
Sen poder roubar a honra
Sen poder sacudir a culpa
Sen poder poñer luz á penumbra

Zure elea/ O teu idioma

Para entender o teu idioma
Hai que levar á boca as queixas
Cubrir de saliva os sermóns
Mastigar os verbos

Para entender o teu idioma
Hai que triturar as túas observacións
Tragar os reproches
Dixerir os improperios

Para entender o teu idioma
Os insultos deben pasar polo intestino
Os nomes polo estómago
As despedidas polo ano

Egunean/ Ao día

Camiños percorridos
Portas deterioradas
Area vella
Sons obstruídos
Fontes secas
Maleza murcha
Sede esperta
Ósos de ferro

Rompeuse o pasado
actualizáronse os soños
As ataduras, as negociacións

Non nos venderíamos con tanta facilidade

Se reunísemos unha miga de forza
Para osmar as nosas luídas mans
Non esqueceríamos con tanta facilidade
As flores que arrincamos de xeonllos

Se reunísemos unha miga de forza
Para afiar a nosa roma gadaña
Non nos perderíamos con tanta facilidade

Se reunísemos unha miga de forza
para bailar nocturnas melodías
Non nos mollarían con tanta facilidade
As prateadas salpicaduras dos charcos

Estura/ Aperto

Entrecortada a respiración
Máis entrecortada a luz
Aínda máis entrecortado o soño
E o murmurio dos nosos

Estreitada a porta
Máis estreitada a beira
Aínda máis estreitados os dentes
E as mortes dos nosos

Apertado o o puño
Máis apertados os motivos
Aínda máis apertada a voz
E o estrépito dos nosos

Eremiten zortziko hautsia / O zortziko roto dos eremitas

Erreka Gazia/ Río salgado

Ráfagas de suspiros, vaivén de cadeas,
na forca, zigzag, gaivotas mudas

Cabos rasgados, gortexas roucas,
ganchos suspendidos

A choiva brillante detense no cristal

Pausáronse os recordos
Perdeuse a memoria
Renovouse a nostalxia
As voces, a choiva
Demolidas todas

Oíntes parques
Cerco oxidado
Herba altiva
Ventá cristalina
Fame resignada
Saúdos baleiros
Paredes transparentes
Costas molladas
Recunchos desgastados
Descanso frío
Cumes desgastadas

Baldintza subjektiboak/ Condicións subxectivas

Grande é a boca do mar
Cando nos afastamos do porto
Din que non hai novos mundos
E recoméndasenos non partir
Pero quen ten corazón sabe
Onde cargar o seu barco de palabras

A miúdo errei a ruta
Non dominei o temón
Porque é débil a lanterna
Que ilumina a costa da vida
Pero a tempo aprendín
Onde cargar o meu barco de palabras

Quen onte crin amigo
Contra min grita alerta
Non chegarás a bo porto
Se perdes o norte
Pero sempre atopei
Onde cargar o meu barco de palabras

Os sete pozos do mundo
Nunca son a mesma auga
Vermello é o ronsel
Da nave que nos leva
Pero con nobreza ofrézoche
Un barco cargado de palabras

A choiva brillante inhalada

Un río salgado verteuse á dársena

Un río salgado costa abaixo

Un eco coxo

Un arco iris transparente

Reflíctense no negro e acedo río

Behinola/ Outrora

A terra era húmida e salada

A palabra era un luxo e pesaba

A chave estaba alerta e candente

O ruído era ruín e barato

A vena estaba podrecida e era curta

A comida escaseaba e era pétreo

A dor era allea e intensa

Gogoaren durunda/ O estrondo da mente

O estrondo da mente perdura,
aínda que intentes apagalo

A casiña branca da curva
chiscouche o ollo

Os robustos pradairos do val vermello
apodreceron

Osmaches o rastro

das lesmas da horta

Asustouche o tremor

do mucho nas noites xélicas

cantaches a melodía

que xorde das pedras de afiar

Romperásenos o pau maior

Resgarásenos o velame

O espanto fará da nosa boca

Dormitorio da voz

Pero nunca deixarei que se perda

O meu barco cargado de palabras

A roca adoita acougar

A ola que vén do fondo

Non podo asegurarte

Que nunca me farán calar

Pero sempre traerei o meu barco

Cargado de palabras

© Koldo Izagirre

Aizun, toles/ Falso, enganoso

O moucho aparece co seu morno torso
Con orgullo de aparente humildade

Falso, calmo, manso, enganoso

As bidueiras con aires de madurez
Palidecen e engurran os momentos

Falsos, calmos, mansos, enganosos

A neve, fuxindo da sombra

Encanece a luz dos amos

Falsa, calma, mansa, enganosa

Severa cuíña das pendentas resignadas

Sostén das fatigadas pernas

Falso, calmo, manso, enganoso

Dudaren domina/ A medalla da dúbida

A medida que podas as preguntas
Vai aparecendo a ferruxe

Poñer a medalla da dúbida

Arrincando a dor da dúbida

Aferrándose a ese entusiasmo xa esquecido

Non é unha fácil tarefa

Escarbando no lixo

Pódese cheirar a resposta

A medida que aras o terreo
Airéanse as raíces

Ito da errota/ Afogou o muíño

Afogou o muíño
Nalgún momento foi torre, hoxe ananado
As pas non se moven
Non moen gran

Afogou o muíño
O compás do vento non é máis que unha cruz
Incubou a súa derrota, enchida, desfalecida

Afogou o muíño
Rocas de xeo, ruletas fixas
A carriza apoderouse delas
Pesadas, esgotadas, vagas, plúmbeas

Hil zara II/ morriches II

Cen lombrigas alimentaranse das túas peles

A túa alma engurrouse
O teu soño ensuciouse
O teu rancor murchouse
A túa risa enderezouse

Non es máis que un nome. Non es máis que
esterco. Non es máis que un choro
Non es máis que mofo Non es máis que un
cravo Non es máis que follaxe Non es máis que
un cantil Non es máis que un colgallo Non es
máis que unha farsa
Non es máis que unha agulla
Non es máis que un veo Non es máis que unha
fosa Non es máis que néboa Non es máis que
un trazo Non es máis que barro Non es máis
que un erro Non es máis que xeo Non es máis
que un chanzo Non es máis que un abrocho
Non es máis que esta canción

Aquilo que fuches estase esquecendo,
está mermando, estase perdendo,
sen pausa